

21 INTENTOS DE CONVERSA (PEQUENA NOVELA POR ENTREGAS)

A fotografía máis grande do meu cuarto está protexida por unha fina lámina de cristal e sostense nun perfecto equilibrio entre a súa propia morfoloxía e a parede da que pendura o andel lacado en verde, formando algún estraño tipo de simbiose. Gústame observala porque nela aparezo de pequena e aínda escorregan polos meus ombreiros cabelos pulcros e longos, que se moven con certo aceno insubmiso, empurrados polo vento travesío que pasaba un día hai moitos anos pola costa. O meu irmán eleva os beizos nun sorriso esaxerado que non por mostrar a súa fileira de dentes superior desminte a ledicia penetrante que sentía no intre de miña nai pulsar o botón da cámara. Non podo evitar, cando ollo destes extractos vitais, unha sensación alonxada de omnisciencia. Ollo os compendios tirados dos tecidos da lembranza e recreo nun universo, que se parece moito ao meu, escenas, ideas e palabras que se parecen moito ás miñas, e podo notar aínda os pés quentes, coas dedas soterradas pola árida area e os confíns das unllas das mans pegañentos de xeado e sal.

Continúo percorrendo o atlas dos momentos e cada cor difusa cobra importancia na harmónica mestura. Sobre os relevos dos diminutos cumios amarelos nos que as miñas sandalias de xigante proclamaran a súa fortaleza reflectiuse a miña ollada fría, e conxelou coa forza do futuro os corpos estivais dos nenos, que se detiveron na postura que a propia imaxe predeterminara. Petrificados eternamente nun efémero sorriso, quedaron sós no andel, apertados polos brazos fráxiles dos meus libros preferidos.

Saín tan cedo do meu piso que sabía que as sombras dos veciños non chegarían a esborrexar entre as físgoas dos limiares e sentín un acougo culpábel. Baxeí no

silencio, na penumbra do ascensor, e na miña tranquilidade ollei o espello, acomodei lixeiramente o abrigo.

Fun traballar no coche e volvín oito horas despois. Sorprendida corroborei que seguía a ser a mesma, só cun pouco máis de fame. Adoito comer fóra porque sinto un pánico terríbel a camiñar baixo a treboada de persoas, que caen con velocidade implacábel, cansos, cara aos ascensores. Cría poder acostumarme á sensación do orballo do amencer, mais os lóstregos case vespertinos só poden soterrarme baixo terra. Os sons que me arrodean constrúense de metais irregulares que entran en colisión e reverberan. Pero hoxe entrei no portal na hora punta.

A nena loura chámase Uxía e é a filla do veciño do can pequeniño, que baixou onte comigo e coa do quinto. Résultame moitas veces inexplicábel a sensación de aceleración que cobra o tempo, os pasos letais e definitivos que nos arrastran provocan que case non pasemos máis que por escenas borrosas: o comezo é vagaroso mais, cando remata, sentimos que, nunha parte, nada chegou a ocorrer nunca. Agora lembro a situación de onte coma se tivese pasado hai moitos anos - ao mellor pasou noutro universo - pregúntome se pensarán eles o mesmo. Pregúntome, incluso, se eles lembran a miña presenza, feble e vulnerábel contra cada verba pronunciada; e se, de non lembrarse, existiu de verdade. Sobre que se sostén unha imaxe engurrada nunha mente recóndita e finita?

Hoxe non é o pai o que volve coa nena da escola, senón o avó, un simpático velliño nado en Muras, alá polo Xistral, que vive no mesmo barrio e que leva coidando da pequena, sempre que non poden os pais, dende hai dez anos, cando ela aínda aprendía a camiñar ergueita e o home tiña que a levar en ombreiros cara ao parque. Entro con eles na cápsula do tempo e saúdo. Pendura sobre a miña testa o cartel do segundo intento.

- Bo día.
- Bo día.- Saúda o señor. Os nenos de primaria aínda poden permitirse eses xestos mudos, os ruídos silandeiros. As fórmulas cordiais sucédense a un ritmo monótono.
- Que tal na escola?- Diríxome á pequena. Case agardo a miña salvación.
- Ben...- Mira cara ao chan e o meu puro impulso da costume lévame a ollar os pés un intre curto con certo agarimo vergoñento.

Teño sorte, porque fala o avó: "(...)Agora vouna deixar na casa e pola tardiña xa cando deixe de *barruzar* iremos ó parque, non queremos que se constipe. Lembras, Uxía, o catarro que *colliche* a outra vez?(...) Pero quizais hoxe *collemos* o Camiño que vai por debaixo. Non me gustou o día que fomos polo camiño de arriba, o que está rodeado de *felgos*, e encontramos os *cas* eses grandes. Acórdaste, Uxía, do can que *parteu* o pau xigante cos dentes? Ese daba medo..."

Despídense e suspiro cando o ascensor pecha, é o meu escondedoiro. Protexida polo escudo composto, polas dúas portas férreas, penso: "O máis importante é escoitar", e convencida de que os silencios pequeniños que o señor facía entre frases eran para que eu aportase a miña parte á construción colectiva da conversa, só podo gardar un loito invisíbel polo edificio que caeu, se cabe, cando aínda estaban a se asentarmos os seus piares. "Mañá, xa sei o que teño que facer".